



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

CEIP Profesor Albino Núñez
Casardomato- O Pino- 32001 Ourense Telf :988217231

PLAN DE CONVIVENCIA





1.- XUSTIFICACIÓN:

"Aprender a convivir cos demais é unha finalidade esencial da educación e representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais. Trátase dunha aprendizaxe valiosa en sí mesma e imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica." Informe para a UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI.

Un dos maiores retos educativos que se nos plantexan actualmente no ámbito escolar é a transmisión duns valores que opten pola non violencia, a resolución pacífica dos conflitos (entendidos estes como un desafío e non como un problema); a superación de mitos, tendo en conta a perspectiva de xénero e a integración real das diferencias individuais, colectivas e/ou culturais nun marco de convivencia pacífica e fomento da educación e a cultura para a Paz.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida con capacidade para exercer dereitos e deberes ,respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus propios actos. A presenza no currículo da nova materia de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, con entidade propia, non nos libera da responsabilidade profesional de formar ao noso alumnado dun xeito comprensivo, harmónico e integral . A escola é un lugar privilexiado para educar na convivencia porque é un espazo para o encontro, a aprendizaxe e para as experiencias compartidas.

Non se pode acadar unha mellora da convivencia no ámbito escolar se na mesma non interveñen todos os sectores da comunidade educativa e se non constitúe un eixo vertebrador que sirva de base para dar unha resposta axeitada ás diferentes situacións coas que nos atopamos no noso traballo diario ó interaccionar cun alumnado que está aprendendo a adquirir hábitos de convivencia, de respecto mútuo e a desenvolver actividades de participación responsable.

Somos conscientes de que a escola non pode actuar sola e de que os cambios de hábitos e de actitudes non son inmediatos senón que é un proceso longo que require diferentes intervencións ; pero a pesar de todos os atrancos cos que nos podemos atopar, non podemos caer na inmovilidade e aceptar que é imposible educar por e para a convivencia tendo en conta os valores que priman na sociedade.



Non tomar medidas ou adoptar unha visión catastrofista non axuda a mellorar a situación, máis ben favorece a creación dun ambiente que aboga pola adopción de posturas únicamente sancionadoras que non son unha verdadeira solución a estos problemas.

O Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares.

Para alcanzar os obxectivos que se inclúen neste Plan de Convivencia Escolar é imprescindible a colaboración de todos os sectores da Comunidade Educativa, o desenvolvemento de actividades que favorezan a mellora dun clima de convivencia, un seguimento tutorial e docente continuo que detecte e axude a previr as condutas que alteren o clima de convivencia. Debemos ser conscientes de que a resolución non é fácil nin os resultados van a ser inmediatos, pero a experiencia demostranos que nos centros nos que se desenvolveron programas específicos melloraron os resultados. Isto non quere dicir que os conflitos desaparezan na súa totalidade, pero si que esperamos que diminúan e que cando se presenten de novo, dispoñamos de recursos e de medidas educativas para neutralizalos.

Para elaborar este Plan de Convivencia partimos dos seguintes principios:

- O noso traballo non pode ser só como "lexisladores" ou "sancionadores".
- É importante antepoñer o valor educativo ao punitivo.
- A solución debe ser: global, preventiva, democrática, adaptada a nosa realidade e debe implicar a toda a comunidade educativa.

Para a elaboración de este Plan consultouse de distintas formas aos membros da comunidade educativa, un dos procedimentos foi a utilización dun cuestionario e unha vez analizada e procesada a información pola Comisión de Convivencia, dispoñemos dos datos sobre a situación actual da convivencia no noso centro que se expoñen no apartado 3.2 na **SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO**.

2.- MARCO LEGISLATIVO

A normativa utilizada para a elaboración deste Plan de Convivencia Escolar é a que na actualidade está en vigor, tendo en conta ademais as suxerencias realizadas por todos os membros da comunidade educativa

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). BOE 4-4-06. No artigo 1. establece entre os seus principios:



"A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xusticia, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

A educación para a prevención de conflitos para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. O desenvolvemento da igualdade de dereitos e de oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre os homes e as mulleres."

R.D. 1630/2006, do 29 de decembro no que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil. BOE 4-1-07

R.D. 1513/2006, de 7 de decembro, no que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. BOE 8-12-07

D. 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 9-7-2007). No artigo 3 no que se recollen os obxectivos da educación primaria, debemos destacar algúns que están moi relacionados con este Plan:

➤ "Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

➤ Adquirir as habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

➤ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade".

No anexo I, establece as competencias básicas, unha delas é a competencia social e cidadá que este Plan de Convivencia vai contribuir ao desenvolvemento da mesma dunha maneira moi explícita.

- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG 8 de maio 2007).
- R.D. 732/1995, de 5 de maio polo que se establecen os derechos e os deberes dos alumnado e as normas de convivencia no centro.

2.1 OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA



O Observatorio de convivencia escolar terá como finalidade analizar e propoñer accións de prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar , así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidade no tema da convivencia.

2.1.1 COMPOSICIÓN DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR

- O director que será o seu presidente.
- A xefa de estudos
- Tres representantes do profesorado.
- A orientadora do centro.
- Un membro da Asociación de nais/pais .
- Unha persoa do Consello encargada dos programas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.

2.1.2.-FUNCIÓNS DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

- Participar na dinamización do Plan de Convivencia do Centro.
- Elaborar un informe anual sobre a análise da convivencia , conflictividade e das iniciativas levadas a cabo a nivel de centro.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Propoñer á Administración Educativa medidas para a mellora da convivencia no centro

2.1.3.- PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS

O Observatorio de Convivencia Escolar reunirse , extraordinariamente cada vez que sexa necesario, convocado pola Presidencia ou ben por unha terceira parte dos seus membros, e reunirse ordinariamente polo menos unha vez ao trimestre.

3. ANÁLISIS DO CONTEXTO ESCOLAR E SOCIAL

3.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Trátase dun Centro Público de Educación Infantil e Primaria ,situado nun barrio periférico da cidade , que conta cunhas instalacións axeitadas para unha educación de calidade: biblioteca, aula de informática con pizarra dixital, aula de idiomas, aula de música, zona polideportiva, patio cuberto etc



Nº Unidades: 13

Nº de Líneas: 1 ou 2 dependendo do nivel

Personal docente:

- 4 mestras de Educación Infantil.
- 9 mestres/mestras de Educación Primaria.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica .
- 1 mestra de Audición e Linguaxe
- 1 mestra de Música.
- 1 mestre de Educación Física.
- 2 mestras de Inglés
- 1 mestra da ensinanza relixiosa
- 1 Xefa departamento de orientación

Personal no Docente:

- 1 conserxe.
- 3 cociñeiras
- 2 limpiadoras
- Monitores actividades extraescolares
- Coidadores comedor

Modelo de xornada: Xornada contíua : 9:30 - 14:30

Tal como se reflexa no Proxecto Educativo, o entorno do alumnado é marcadamente semiurbán , predominando a clase social media.

Tratase na maioría dos casos de familias pouco numerosas, con un ou dous fillos. A nivel socio-laboral podemos sinalar que algo máis da metade dos pais traballan no sector secundario, sendo tamén significativo o número de pais que traballan no sector servicios (transportistas, algún funcionario, pequenos comerciantes). En canto ás nais, convén resaltar que aproximadamente un 65% son amas de casas. É pouco significativo o número de pais/nais que traballan na agricultura. Finalmente, queremos deixar constancia que a práctica totalidade das familias dispoñen nas súas casas dos elementos necesarios (auga corrente, frigorífico, calefacción, lavadora, carto de baño, teléfono, coche, etc,...) para ter unha calidade de vida minimamente aceptable.

O claustro de profesores está constituído por profesores/profesoras con destino definitivo e provisional, sendo os primeiros os máis predominantes.

Dentro das características diferenciais do alumnado, podemos sinalar a existencia de alumnado procedente do extranxeiro e de diferentes alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, que teñen ou necesitan adaptacións do currículo e/ou reforzo educativo.

3.2. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Como xa explicamos un dos pasos preliminares á elaboración deste plan foi a aplicación dun cuestionario de convivencia á toda a comunidade educativa, no que lles preguntamos o seu punto de vista da situación da convivencia no centro. A participación foi voluntaria o cuestionario foi cuberto por 90% alumnado do 3º ciclo , o 70% das familias e 98% do profesorado e o 60% do persoal non docente. Dividimos o cuestionario en catro grandes apartados, con diferentes cuestións en cada apartado e cunha escala numérica-valorativa ao inicio de cada apartado. Os apartados eran os seguintes: 1) Valoración de diferentes aspectos da convivencia no seu centro; 2) Conflictos que se producen con máis frecuencia.; 3) Cales son os conflitos que se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos; 4) Iniciativas útiles para mellorar a convivencia no centro educativo.

VALORACIÓN DE RESULTADOS:

Os resultados foron:

No apartado 1º do cuestionario (*Valoración de diferentes aspectos da convivencia no seu centro*) os aspectos máis valorados tras facer a media das respostas da comunidade educativa segundo a escala valorativa son: as relacións entre o alumnado (5,30 - boas), as relacións do profesorado co alumnado (5,22 -boas), o clima de traballo e as relacións entre o profesorado (5,21 - boas). Os aspectos menos valorados forón: as relacións do centro cos servizos sociosanitarios (4,43- normais), as relacións da comunidade educativa co contorno escolar (4,66 - normais) e as relacións das familias co profesorado (4,82- normais).

No apartado 2º do cuestionario (*Os conflitos que se producen con máis frecuencia*) segundo a escala valorativa son: entre o alumnado (3,93- poucos/algúnhas veces), entre profesorado-alumnado (3,41-poucos), e entre pais/nais e fillos/as (3,31- poucos).



No apartado 3º do cuestionario (*Conflitos que se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos*) os conflitos máis frecuentes no noso centro tras facer a media das respostas da comunidade educativa segundo a escala valorativa son: agresións verbais entre o alumnado (4,11- algunhas veces), conductas disruptivas nas aulas (3,14 -pocas veces), agresións físicas (3,03- poucas veces), indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto) do alumnado (2,90- moi poucas veces).

No apartado 4º do cuestionario (*¿Cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?*): as iniciativas máis útiles das propostas para a mellora da convivencia no centro segundo a comunidade educativa son: utilizar un estilo docente respectuoso e positivo (5,05- bastante), utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa (4,93 - algo/bastante), mellorar os recursos do centro educativo (4,75- algo/bastante), favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado (4,72- algo/bastante), consensuar normas entre alumnado e profesorado (4,69- algo/bastante), adaptar o currículo ás necesidades do alumnado (4,68- algo/bastante), e formar ao profesorado sobre resolución de conflitos (4,63- algo/bastante).

3.3. RESPUESTA ACTUAL DO CENTRO A ESTAS SITUACIONES

Hasta estos momentos o que se leva facendo son diferentes medidas de carácter preventivo, tal e como aparece recollido no Regulamento de Réxime Interno (RRI) no apartado de Normas de convivencia. Cando xurden problemas relacionados coa convivencia no centro o que se fai é aplicar o Regulamento de Rexime Interno (RRI), ver cadro seguinte:

CADRO 1. CORRECCIÓNS ÁS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

CORRECCIÓNS	ÓRGANO COMPETENTE
Apercibimento ou amoestación privada, oral ou escrita	- Calquera profesor/a ou o titor/a
Comparecencia inmediata ante o xefe/a de estudos ou director/a, previa anotación da falta no parte de aula.	- Calquera profesor/a ou o titor/a
Realización de traballos específicos en horario non lectivo (recreos).	Calquera profesor/a, o titor/a, o xefe/a de estudos ou o director- /a.
Realización de tarefas que contribúan á mellora de actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado en instalacións ou material do centro ou pertenzas doutros membros da comunidade.	- O titor/a, o xefe/a de estudos ou o director/a.
Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias ou extraescolares do Centro	O xefe/a de estudos ou o director/a (previo informe do titor/a).

Cambio de grupo do alumno/a polo tempo que se determine.	- O xefe/a de estudos e o director/a (esgotados os pasos previos).
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases polo prazo que se crea oportuno. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as actividades que se lle encomenden para evitar a interrupción no seu proceso formativo.	- O xefe/a de estudos e o director/a (esgotados os pasos previos)
Suspensión do dereito de asistencia ó Centro durante un período máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as actividades que se lle encomenden para evitar a interrupción no seu proceso formativo.	- O director/a, unha vez informada a Comisión de Convivencia



3.4. RELACIÓN COAS FAMILIAS E COA COMUNIDADE:

Podemos decir que son boas, esto no quere decir que non se deban seguir mellorando. E de destacar nestes intres a boa relación que haI cos Servicos Sociais dos Concellos, como mostra o desenvolvemento de actividades deles dentro do centro e a colaboración do Departamento de Orientación ca Escola de Pais que dependen deles.

4.- DISEÑO DO PLAN DE CONVIVENCIA.

4.1. PRESUPOSTOS BÁSICOS

A elaboración e o desenvolvemento do Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado ,familia e persoal non docente) para o fomento dunha boa convivencia no centro.

Non consideramos os aspectos da convivencia só como aspectos organizativos son así mesmo contidos a desenvolver e constitúen unha parte fundamental na formación do alumnado.

Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación das medidas disciplinarias, vémosla como un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en sí mesmo e fundamental de todo o proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas. Para elo, debe desenvolverse en todos os membros da comunidade educativa unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.

Partimos da idea de que o conflito é inherente á vida en común das persoas. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo, e, servir como medio de aprendizaxe para solucionar o conflito de forma democrática, dialogada e pacífica, buscando a harmonía nas relacións entre as persoas.

Somos conscientes de que na interacción diaria, os problemas van aparecer porque son propios de calquer sistema de relacións humanas, pero esperamos e desexamos que as medidas tomadas de carácter preventivo nos axude a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción esta deberá ter un propósito formativo, de modo que se garantice tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordeada e autónoma da persoa cuxa conduta requira a aplicación de medidas disciplinarias. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.



- 7. As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia , tal e coo se recolle no Regulamento de Rexime Interno, deberán basearse nas seguintes Normas de Convivencia:
- Asistir á clase.
 - Chegar con puntualidade.
 - Seguir as orientacións do profesorado e do persoal no docente no exercicio das súas funcións.
 - Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
 - Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros/compañeiras.
 - Respectar a dignidade, a integridade, a intimidade, as ideas e as crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
 - Non discriminar a ningún membro a comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo o calquera outra circunstancia persoal e/ou social.
 - Coidar e utilizar correctamente os bens e as instalacións do centro.
 - Respectar as pertenczas dos demais membros da comunidade educativa.
 - Participar na vida e funcionamento do centro.
 - Non realizar actividades perxudiciais para a saúde nin incitar a elas.
 - Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

- Elaborar un plan que recolla de modo sistemático o debate e a xustificación das solucións plantexadas no Centro e un conxunto de decisións de índole estratéxica sobre a maneira de cómo se desenvolve as diferentes actuacións (responsables, tempo, avaliación)
- Desenvolver a planificación en dous niveis fundamentais:

1) O plan do alumnado.

2) O plan para realizar o seguiminto do traballo do alumnado por parte do profesorado.

4.1.-OBXECTIVOS EDUCATIVOS:

- Conseguir có alumnado un acordo de colaboración que propicie un bo "clima" na aula, baseado no respecto ás persoas e no coidado das cousas (materiais, ordenadores, mobiliario, etc.).
- Xerar unha situación que propicie a integración dos alumnos e alumnas que xeneran problemas.
- Conseguir unha implicación de todos os alumnos e alumnas na solución dos problemas que se plantexan na aula.
- Desenvolver actuacións planificadas e sistemáticas ante os problemas cotiáns que se xeneran no Centro.



- Propor solucións concretas e eficaces aos pequenos problemas diarios que poden chegar a alterar a convivencia e a boa marcha do centro.
- Abordar as situacións e as posibles solucións en equipo.

4.2 *OBXECTIVOS ESPECÍFICOS*

- Favorecer a integración do alumnado dentro do centro e do grupo aula.
- Crear un clima agradable e saudable tanto no centro como na aula.
- Desenvolver habilidades e estratexias que melloren a convivencia.
- Superar todo tipo de discriminacións e de prexuízos e adoptar actitudes de solidariedade, tolerancia, respecto e responsabilidade.
- Concienciarse da importancia da sinceridade como vía para acadar unha boa amizade.
- Valorar o diálogo e a mediación como unha vía de solución de conflitos.
- Aprender estratexias para a resolución dos problemas de forma pacífica.
- Favorecer o desenvolvemento duns principios morais basados nos dereitos humanos.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais para mellorar a interacción entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Favorecer unha autoestima positiva dos nosos alumnos-as a través dunha convivencia democrática.
- Desenvolver a capacidade de autocontrol entre o noso alumnado.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade social e do compromiso persoal.
- Impulsar a colaboración das familias no desenvolvemento dunha auténtica educación en valores.

4.3. -PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

- **Eficacia:** que evite e resolva os problemas de disciplina e de convivencia.
- **Economía:** que utilice o mínimo de documentos, de persoas y de tempo na resolución dos problemas
- **Proactividade:** pretende resolver os problemas futuros, máis que os pasados.
- **División equitativa do traballo:** reparte a carga de intervención nos conflitos entre o titor/titora, profesorado, xefe de estudos, director/directora e os pais ou tutores legais do alumnado.

4.- NORMAS DE CONVIVENCIA

4.1.- CENTRO



No Regulamento de Réxime Interno (RRI), aparecen recollidas as normas de convivencia elaboradas polo Claustro e que son de aplicación en todo o Centro, considérase a base para o posterior desenvolvemento das mesmas nas diferentes aulas.

As normas, de forma moi resumida, poderían concretarse nas seguintes actuacións:

- Seremos respectuosos/as cos compañeiros/as, cos mestres/mestras e con todo o persoal que traballe no centro.
- Seremos coidadosos/as cos materiais propios e/ou cos do Centro.
- Manteremos limpo o Colexio, botaremos o lixo nas papeleiras.
- Teremos moito coidado e non estragaremos as plantas.
- Gústannos as paredes limpas; non pintamos nelas.
- Se temos algún problema, comunicámoslo ó titor/titora ou ó mestre/mestra que teñamos máis preto.
- Coidamos a nosa imaxe; procuraremos estar limpos .
- Estaremos atentos/as ás explicacións dos profesores/profesoras.
- Pediremos e esperaremos o turno para falar.
- Respectaremos as opinións dos/as demais.
- Como norma xeral iremos ao servizo nas horas do recreo.
- Falaremos sen berrar.
- Chamaremos sempre, antes de entrar.
- Pediremos as cousas por favor e daremos as grazas.
- Saudaremos ao chegar e despedirémonos cando saiamos.
- Entraremos e sairemos sempre en fila.
- Non nos gusta insultar nin ser insultado/a
- Moléstame que me peguen; eu non pego
- Eu non minto ,que ben me sinto!

4.2. - AULA

Cada titor/a, dacordo cos demais mestres/mestras do Ciclo, adaptará as normas tendo en conta a idade e as circunstancias do alumnado.

4.3 ACTIVIDADES.

4.3.1. ACTIVIDADES A NIVEL DE CENTRO

Con carácter xeral intentarase realizar en cada curso escolar as seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas en la Programación Xeral Anual (PXA) de ese curso escolar:



Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía Espazo físico /	Temporalización
Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso	Xefa de Estudos, titor/titora Dep. de Orientación.	Folla de recollida de datos para os centros e para a familia	Reunións cos pais e/ou cos titores legais	Finais de curso ou comenzo de curso
Plan de acollida ao alumnado inmigrante	Xefa de Estudos /Dep. de Orientación	Protocolo de actuación	Reunións co alumnado e coa súa familia , realización de avaliacións iniciais	Cando o alumno /alumna chega ao centro
Coidado e respecto dos espazos físicos do centro e do material común.	Toda a comunidade educativa, coordinados polo equipo directivo		Campaña de sensibilización Decoración dos espazos	Valoración do mesmo ao inicio de cada trimestre. Concurso decorativo dal aula e dos espazos comúns.
Potenciación da participación do alumnado nas actividades do centro	Toda a comunidade educativa, coordinados pola xefa de estudos		REunións ciclos, CCP, departamento, actividades extraescolares	Ao longo de todo o curso
Creación e Potenciación do Observatorio da convivencia escolar	Equipo directivo		Funcións de prevención, mediación e corrección de conductas contrarias á convivencia.	
Revisión do Plan de Atención á Diversidade	Equipo directivo, profesorado .D.Orientación		CCP	

4.3.2. ACTIVIDADES DESTINADAS AO PROFESORADO:

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía / espazo físico	Temporalización
Plan de acollida dos mestres /mestras de nova incorporación ao CEIP	Equipo directivo	Guión de acollida para o profesorado Diversos modelos de documentación.	Reunión e entrevista, facilitándolle toda a documentación necesaria e aclarando todos aqueles aspectos peculiares do noso centro	Primeira quincena de setembro ou cando se incorporan
Difusión das Normas de Convivencia e impresos corrección	Equipo directivo	RRI. Normas de convivencia Instrucións Dereitos e deberes do profesorado Dereitos e deberes do alumnado	Entrega ao profesorado de una copia del RRI e do Plan de convivencia acompañado dun resumo coas medidas de corrección e coas instrucións para unha aplicación coordinada das mesmas.	Durante o mes de setembro
Protocolo de actuación ante problemas específicos	Profesorado e equipo directivo. Departamento de O.	Protocolo de Actuación elaborado por la Xunta de Galicia	Distribución personalizada	
Fomentar a implicación dos Ciclos e dos Departamentos no deseño de actividades que melloren o clima de convivencia	Xefa de Estudos , Coordinadores de Ciclo , xefa D.O.		Programación Xeral de Centro e participación nas actividades programadas	Primeiro trimestre



4.3.3. ACTIVIDADES DESTINADAS AOS PAIS/NAIS:

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía / Espazo físico	Temporalización
Información ao principio de curso sobre o Plan de convivencia, as Normas de Convivencia e do funcionamento del CEIP cos país /nais ou titores legais do alumnado.	Equipo Directivo, en colaboración do Departamento de Orientación	Material impreso concretando o máis esencial do Plan e das Normas de Convivencia	Charla e debate cos país/nais	Durante o primeiro trimestre adicarásele una sesión aos país /nais
Dende a ANPA do centro organizaranse diferentes charlas para concienciar do papel da familia como preventora de conflitos e dunha auténtica educación en valores.	Equipo directivo e Presidente da ANPA		Reunións de pais/nais	



4.3.4. ACTIVIDADES DESTINADAS PARA O ALUMNADO DE CARÁCTER PREVENTIVO:

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía /Espazo físico	Temporalización
Plan de acollida do alumnado de novo ingreso e/ou de incorporación tardía.	Equipo directivo, Departamento de Orientación e titor	Plan de Acollida Resumo das normas de convivencia, dereitos e deberes	Recibimento e coñecemento das instalacións do centro. Presentación dos novos alumnos ao grupo-clase e ao profesorado	Cando se produza unha nova incorporación.
Analizase nunha sesión trimestral a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre para analízalo posteriormente nas Xuntas de Avaliación	O titor/titora en colaboración co D. de Orientación	Cuestionario individual e debate da clase.	Aula de titoría y Xunta de Avaliación.	Unha vez ao rematar cada trimestre na hora de titoría e outra vez na Xunta de Avaliación do curso.
Tratarase cando o titor/titora o considere necesario, calquer aspecto que afecte ás boas relacións e a convivencia do grupo ou a algunha parte del.	O titor/titora en colaboración co Departamento de Orientación.	Resolución do conflito de forma dialogada e, segundo o cada caso, aplicación das Normas de Convivencia.	Aula de titoría	Temporalización: Ao longo de todo o curso
Desenvolvemento dalgún programa para a mellora da convivencia do centro, elixido ao comenzo de cada curso, algúndeles podería ser: - Programa de desenvolvemento de habilidades de comunicación (escoita	O titor/titora en colaboración co Departamento de Orientación.	Material concreto para a súa aplicación na aula.	Aula de titoría	Temporalización: Ao longo de todo o curso



<p>activa, empatía, expresar os sentimentos,...).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programa de desenvolvemento de habilidades Sociais (asertividade. Desenvolvemento do xuízo moral,...) - Programa de Resolución de Conflitos (negociación, mediación,...) - Programa de desenvolvemento de habilidades emocionais (expresar sentimentos, ponerse no lugar do outro, autocontrol..). - Programa para o desenvolvemento do autocontrol. 				
<p>Desenvolver algunha campaña de sensibilización sobre algún valor, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - “Pídello por favor, da as grazas” - “Dillo ben, ponte no seu lugar”. - “Todos somos diferentes, coñezcámonos”. - “Acercamento a outras culturas”. 				
<p>Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc.</p>	<p>Todo o profesorado en colaboración co Titor / titora e Departamento de Orientación.</p>	<p>Formación nas reunións de ciclo. Material concreto para a súa aplicación na aula.</p>	<p>Na programación da aula.</p>	<p>A lo menos unha sesión mensual</p>
<p>Abordarase ao longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia</p>	<p>Equipo Directivo, titor/titora en colaboración co</p>	<p>Resolución dos conflitos de forma dialogada e, no seu</p>	<p>Centro</p>	<p>Durante todo el curso.</p>



do centro có alumnado implicado e coa súa familia se procede.	Departamento de Orientación.	caso, aplicación das Normas de Convivencia.		
Celebración o día 30 de xaneiro do: “Día escolar da non violencia e a paz”	Titor/titora en colaboración co Departamento de Orientación	Actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia e o respecto ás mesmas, facéndoas presentes na vida ordinaria do centro. - Metodoloxía: Activa e participativa	Sala de Usos múltiples e Aula de titoría.	Sesións de titoría
Potenciación das actividades extraescolares e complementarias , algunhas delas de carácter multicultural e de interacción social.	Dpto de actividades extraescolares e complementarias, titores, xefatura de estudos en colaboración co D.O	Metodoloxía: Activa e participativa	O Centro e o seu entorno	Todo o curso
Recollida de información dos alumnos/alumnas	Titores e xefatura de estudos en colaboración co Departamento de orientación	Informes do alumnado individual e grupal	Reunións, enquisas	Ao longo do curso
Creación dunha comisión de convivencia que buscará alternativas á expulsión ou ás actuacións punitivas				setembro



4.3.5. ACTIVIDADES Y ACTUACIONES ANTE PROBLEMAS QUE AFECTAN GRAVEMENTE A CONVIVENCIA NO CENTRO:

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía /Espazo físico	Temporalización
Programas individualizados para mellorar a convivencia (contratos, economías de fichas, axendas escolares,...)	Titor/titora,xefa de estudiosos, Profesas de Departamento de Orientación	Recollida de información dos feitos Proposta de medidas e de actuación: individualizada e/ou colectiva Comunicación á familia. Seguimento semanal de diversos índices: comportamento, asistencia, traer o material escolar, realizar as tarefas,...	Atención personalizada	Tempo necesario e no momento en que apareza o problema realizarase a demanda ao titor/titora, xefa de estudios e o D.O
Plan de actuación na corrección das conductas contrarias ás normas de convivencia	xefa de estudios Departamento de Orientación.	Actuar de forma equilibrada e proporcional en todos os casos de conflito. Asegurar o esgotamento de todos os recursos dispoñibles antes de proceder á corrección mediante as medidas previstas no RRI	Diálogo, transixencia e intermediación	Todo o curso
Plan de actuación nos casos de absentismo	Todo o profesorado	Recopilación da información sobre o absentismo suministrada	Seguimento a través das reunións de CCP	Todo O curso



		polo profesorado Comunicación ás familias. Actuación do titor/titora en colaboración con D.O Comunicación aos Servicios Sociais. Comunicación á Inspección Educativa		
Plan de actuación nos casos de acoso escolar	Todo o profesorado	Difusión entre o profesorado do protocolo de actuación	Seguimento a través das reunións de CCP	Todo o curso
Buzón de suxerencias	Titores e Xefatura de estudios			



5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN / PROCEDIMENTOS ESPECÍFICOS DE ACTUACIÓN

5.1.- Actuacións correctivas para o fomento da convivencia do centro en xeral

Coa finalidade de crear un clima escolar seguro e acolledor, que o alumnado necesita, no centro elaboráronse as normas de convivencia que aparecen recollidas no RRI. Ante unha situación de conducta disruptiva o mestre/mestra, titor/titora poderá aplicar as seguintes técnicas disciplinarias:

► **As reprimendas:** Falarase seriamente co alumno/alumna intentando que comprenda os efectos negativos da súa conducta tanto para sí mesmo coma para o resto do alumnado e do profesorado.

► **As consecuencias naturais:** Facerlle ver ao alumnado que a súa mala conducta ocasiona consecuencias negativas para os demais e para eles mesmos. É moi importante que o alumnado tome conciencia da súa conducta.

► **Tempo fóra de reforzo positivo:** Situar a un alumno/alumna nun recuncho neutro ou pouco estimulante durante un breve espazo de tempo para que reflexione sobre a súa acción inadecuada.

► **Quitarlle unha actividade que lle gusta:** Ás veces pódese deixar sen facer alguna actividade que lles gusta (saír ao patio, acudir a alguna actividade complementaria e/ou extraescolar...)

► **Un sistema de reforzadores conductuais:** Para problemas longos e prolongados recoméndase facer un seguimento por parte de todo o profesorado que incide no alumno/alumna valorando a posibilidade non só da reprimendo senón tamén do reforzo positivo.

5.2.- Actuacións co alumnado que presenta alteracións de comportamento

Cando as medidas citadas no apartado anterior non son suficientes para correxir unha determinada conducta, e se xorden alteracións de comportamento grave poranse en marcha as seguintes actuacións:

► **Comunicación da situación:** Porase en coñecemento do titor/titora a conducta disruptiva detectada (cubrírse ficha de rexistro que figura no anexo).

► **Toma de decisións:**

❖ Decidir o tipo de medida correctiva a aplicar, debe estar recollida no RRI



❖ **Información á familia:** Porase en coñecemento da familia do alumno/alumna que presenta a conducta disruptiva, da situación e das medidas disciplinarias que se lle imporá ao alumno/alumna para que tamén colabore e o alumnado perciba que a actuación da familia e da escola vai na mesma dirección.

❖ No caso de que os desordes comportamentais sexan continuados, comunicarase esta situación a outros organismos e servizos (Equipo Específico, Saúde mental, servizo de menores...) segundo as características de cada alteración.

❖ Comunicar a situación ó Observatorio de Convivencia Escolar

❖ Todas estas actuacións quedarán recollidas no informe anual sobre a convivencia no centro elaborado polo Observatorio da Convivencia en colaboración co profesorado do centro

5.3.- Actuacións ante unha situación de posible intimidación ou acoso entre iguais.

No caso de que se detectase a sospeita dalgún caso de intimidación ou acoso entre alumnos procederase do seguinte xeito:

5.3.1.- Actuacións inmediatas, de carácter urxente:

➤ **Coñecemento da situación:** Calquer membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso ou intimidación deberá pola en coñecemento do titor/titora, equipo directivo e /ou orientador/orientadora do centro

➤ **Posta en coñecemento do equipo directivo:** O equipo directivo, en colaboración co titor/titora do alumnado e co orientador/orientadora do centro, solicitará a información necesaria utilizando as técnicas e os métodos máis axeitados que aseguren a confidencialidade.

➤ **Valoración inicial : Primeiras medidas**

Tomaranse as medidas necesarias que se consideren oportunas despois da primeira valoración.

Elaborarase un informe escrito que quedará rexistrado na Dirección do centro

A familia dos alumnos/alumnas implicados serán informados das devanditas dilixencias.

5.3.2.- Actuacións posteriores:

As seguintes medidas estarán coordinadas polo Equipo Directivo en colaboración co orientador/orientadora e mestre titor/titora do alumnado.



➤ **Adopción de medidas de carácter urgente**

- Medidas de apoio directo ao alumnado afectado (víctima).
- Revisión urgente da utilización de espazos e tempos do centro establecendo as medidas oportunas de prevención.
- Aplicación do RRI segundo se estime conveniente.
- Segundo a gravidade do caso porase en coñecemento ás instancias correspondentes:
 - ❖ As familias dos alumnos implicados (víctima e agresores)
 - ❖ Observatorio de Convivencia
 - ❖ Ao profesorado do centro.

Se se considera necesario:

- ❖ Inspector/Inspectora de Educación do centro
- ❖ Outras instancias externas ao centro (sanitarias, sociais e xudiciais principalmente).

➤ **Apertura do expediente**

Abrirase un expediente ,que quedará depositado na Dirección, que comprenderá tres fases de intervención:

❖ **Recollida da información a través das diferentes fontes:**

- Documentación existente sobre os afectados.
- Resultados da observación directa e sistemática
- Entrevistas e cuestionarios coas persoas relacionadas cos afectados (pais, mestres/mestras, alumnado, persoal non docente...)
- Emisión dun pronóstico inicial.
- Liñas básicas de actuación nas que se incluirán:
 - ▲ Reunións co profesorado do grupo de alumnos/alumnas afectados.
 - ▲ Avaliación das necesidades e dos recursos , repartindo responsabilidades para solucionar o conflito.

❖ Plan de Actuación

Coa vítima:

- Actuacións de apoio e protección expresa directa ou indirecta.
- Programas e estratexias específicas de atención e apoio social.
- Posible derivación a servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais).

Cos agresores:

- Aplicación de medidas do RRI.
- Aplicación de programas de modificación de conducta.
- Segundo o caso, derivación aos servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais).

Cos compañeiros/compañeiras máis directos dos afectados:

- Actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros/compañeiras dentro da acción titorial da aula.

Coas familias:

- Pautas de intervención no fogar
- Información e asesoramento sobre servizos de apoio externos ao centro.

5.4.- Actuación no caso de conflito entre os distintos membros da comunidade educativa.

5.4.1.- Comportamento inadecuado por parte do alumnado:

➤ Casos menos graves:

O persoal do centro tratará de solucionar o problema mediante o diálogo co alumnado, podendo impor sancións acordes coa gravidade da situación.

Actuará en primeiro lugar o mestre/mestra relacionado co caso, quen llo comunicará ao titor/titora e ao equipo directivo se procede.

➤ Casos graves:

O persoal do Centro cubrirá o parte de incidencias que será entregado na Dirección do Centro para poder tomar as medidas oportunas. Dependendo da gravidade, avisarase á familia ou non, podendo de momento ser advertido seriamente o alumno/alumna.



Aos dous partes de incidencias, convocarase ao pai, nai ou titor a unha reunión para por os feits no seu coñecemento e pedir a súa colaboración na corrección do comportamento.

Ao terceiro parte de incidencias convocarase a comisión de convivencia e adoptaranse as medidas que se consideren oportunas, dependendo da gravidade do caso e das alegacións que poida presentar o alumno/alumna ou a familia.

Se o alumno/alumna persiste na súa actitude, a dirección do centro adoptará as medidas que aparecen reflectidas no RRI

➤ Casos moi graves:

O persoal do centro cubrirá un parte de incidencias e comunicará o feito inmediatamente ao titor/titora e á dirección do centro para tomar as medidas que se consideren oportunas.

Tanto a tipificación das faltas como as sancións correspondentes a cada caso , así como as circunstancias paliativas ou atenuantes a ter en conta , están recollidas no Regulamento de Réxime Interno do Centro e no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio(BOE 2 de xuño de 1995).

5.4.2. - Conflictos entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Aplicarase o Regulamento de Réxime Interno, e a lexislación vixente.

6.- AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A avaliación do Plan de convivencia realizarase durante toda a aplicación do Plan:

- ❖ Despois da realización de cada actividade.
- ❖ De forma máis xeral , unha vez ao trimestre a través do Observatorio da Convivencia.
- ❖ De forma global, ao rematar cada curso escolar, na memoria final de curso na que debe quedar recollido:
 - Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
 - Actividades realizadas.
 - Grao de participación dos componentes da comunidade educativa.
 - Conclusións
 - Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

CEIP Profesor Albino Núñez

Casardomato- O Pino- 32001 Ourense Telf :988217231

A avaliación debe ser crítica e constructiva dos obxectivos e actividades para conseguir mellorar no seguinte curso